

Elixio Rivas Quintas

Milagrosa de Celeiros

Resulta ser unha marabilla máis da Virxe, a rápida difusión da súa Medalla, e máis, se cabe, que xa no ano 1840 apareza nunha aldea perdida da provincia de Ourense. Quizáis a imaxe máis antiga tallada en pedra grá, que se coñeza.

Saímos da capital pola orella esquerda do río Miño, augas a enfesto, pola antiga estrada de Monforte. Lugariños como de Belén, enfiados nas revoltas da retorta estrada, pola ribeira socalcada festonada de videiras. Regueiros que marmuran baixando da Serra dos Corbeares ou Monte Corbeiro. En Santa María de Melias –Melias significa “ribeiras escarpadas”–, rubindo unhos metros à dereita, a casa-pazo de Casdemiro dos Feijoo e Montenegro, con secular melanconía pazo e blasón. Aínda ben conservado.

Entramos na freiguesía de Carballeira: Casdecid, Vilanova, Zumento, *Celeiros*. Estamos a 15 kms. de Ourense; à entrada de Celeiros, nun recodo da estrada, é onde nos detemos. À esquerda, trala reixa, unha casona de nobres perpiaños, sinalada co núm. 258. Sorprende ver no centro desta fachada cara a estrada unha talla, nada erosionada, cortada en granito vivo.

Celeiros está dentro do antigo territorio do mosteiro bieito de Santo Estebo de Ribas de Sil, xa na medieval Rivoira Sacrata cenobítica. Confúndese coa natureza nunha gorbía que baixa da enfesta montaña, cen metros à esquerda do Miño encorado, por onde antes atravesaba a barca de Reza de Carracedo. *Celeiros* non foi de primeiras senón os ‘graneiros’ do mosteiro, e serían os comezos da aldea.

Na fachada, alta sobre a portada como tres metros, centrada, hai unha cousela feita co edificio, na que se alberga a Virxe Milagrosa. Seu estado de conservación é perfecto. Dende a reixa foi venerada por arrieiros e camiñantes da antiga vrea; está alí dende 1840. De certo que ten digno trono deliberadamente trazado, exprofeso, coa casona. Cáixeqe un pazo, casa nobre ben labrada en fino aparello. Xusto por debaixo da cousela, sobre a portada, unha banda resaltada circunda o edificio, sinalando separación entre os andares, arranque de sobrado e fiestras. Rexo, tallado beiril, e gran troneira


A casa foi feita entre 1840 e 1845; o proxecto ten que ser anterior e polo tanto a finalidade do edificio coa súa cousela frontal. Non houbo acomodo algún posterior. A Medalla estaba aquí antes de 1840; as aparicións da Milagrosa foran en París no ano 1830. Non deixa de ser un record nas comunicacións daquel tempo, na historia da difusión cultural e relixiosa, sendo tan apartada, incomunicada e descoñecida, esta fisterra de Celeiros. ¿Cómo sería para chegar aquí tan pronto?

Fundador desta casa-pazo foi don Xoán Martínez de Sá Mosquera, crego, de acomodada familia. Fora denantes rexente da parroquia de Vila-rubín e cura-párroco de Triós, cercanas ámbalas dúas a este lugar. A medalla puido chegar en man aquí, pero daría máis voltas. Tampouco que un membro da Congregación dos Paúles ou das Fillas da Caridade a trouxese. Antes destas datas, en 1794, sí que estivera en Ourense, desterrado pola libérrima democracia da Revolución Francesa, o P. Juan Luis Celis, natural de Agen e rector do seu Seminario diocesano. Acollido con outros moitos polo gran obispo-cardeal Quevedo Quintano, logo deixou Ourense. Por outra parte a chegada das Fillas da Caridade a Ourense é posterior; chegan en 1857 cando se encargan do Hospicio Provincial de Ourense. Os Paúles veñen máis tarde; misionan Ourense a mediados dos 1860 e encárganse do Santuario dos Milagros no ano 1869. Nada hai posible por este camiño, próximo posterior a 1830 ou anterior a 1840, dentro da familia vicenciana.

Don Xoán Martínez de Sá, despois de rexir a parroquia de Triós, a 7 kms. de Carballeira e Celeiros, lugar este natal, acompaña ò señor bispo Ilmo. Señor Folgueras às Illas Canarias. Nomeado seu secretario de cámara, mordomo e administrador xeral de rendas da mitra do bispado da Laguna, è tamén alí coengo. Acompaña logo ò mesmo prelado cando pasa a Granada. Por fin, retírase à súa casa de Celeiros, que constrúe a partir de 1840.

Moito sospeito que fose o P. Paradela Nóvoa (de Amoeiro, Paúl), gran investigador e colaborador do Boletín de Monumentos de Orense entre 1920 e 1936 (fusilado nesta data en Madrid) quen primeiro chegase a Celeiros e dese coa casona e a Milagrosa. Pouco despois de ordenarse, profesor xa en 1916 no Colexio de Limpías, Santander, andaba investigando sobre Benito J. Feijoo e Montenegro. Houbo de vir necesariamente a Casdemiro, Melias, e alí enterarse de que a mesma familia posuía a casa-pazo de Celeiros. E aquí veu e se enterou de todo, comunicándollo ò P. Jul, de Lugo, que escribe entón algo sobre o caso. A familia hoxe dona desta casa, tamén o é do pazo de Casdemiro. Vive nesta casa de Celeiros.

Aínda conserva o cadro coa árbore xenealóxica dos Feixoo, o mesmo ca un retrato realista do fundador dito don Xoán Martínez de Sá e Mosquera.



Árbol genealógico de los Feijoo.- Celeiros,
Carballa. Nogueira de R.

El canónigo que hizo la casa y puso la
Milagrosa -1840- Celeiros. D. Juan
Martínez de Sá y Mosquera

